

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 12:51:05

**SAIDA 1435/20**

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 165/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escrito do 19 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2019, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo, reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED] contra a Resolución do 15 de novembro de 2019 da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, pola que se lle concede o acceso á información solicitada referente a tarxetas de crédito de altos cargos directores xerais, convenios, contratos, colaboracións, financiamento que correspondan á Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia ou sobre os seus outros cargos públicos Retegal, [REDACTED] Secretaría de Medios Xunta, Expourense, [REDACTED], [REDACTED], ou nos seus distintos/as nomes, difusas actividades, utilizadas para pagos de viaxes institucionais.

O reclamante indica en resumen que a resolución límitase a responder que se concede a información no senso de que non consta na Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, gastos pagados con tarxetas de crédito realizados por altos cargos da Secretaría Xeral de Medios e en concreto, non existen tarxetas de crédito vinculadas a contas bancarias habilitadas desta Secretaría Xeral, nin constan datos relativos a tarxetas da Xunta de Galicia,

cuxo titular sexa a Secretaría Xeral de Medios no período de tempo comprendido entre o 1.01.2013 e o 5.11.2019.

O reclamante fai unha serie de valoracións sobre os gastos en viaxes da Xunta de Galicia.

O escrito viña acompañado de copia da reclamación presentada e da resolución impugnada.

**Segundo.** Con data 21 de novembro de 2019, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de novembro de 2019.

**Terceiro.** Con data 13 de decembro de 2019 a Secretaría Xeral de Medios contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indica que a solicitude tiña por obxecto obter información pública relativa a tarxetas de crédito de altos cargos, directores xerais, convenios, contratos, colaboracións, financiación, sendo a concreta petición sobre as que dispoña a Secretaría Xeral de Medios no uso en viaxes institucionais ou doutro tipo fora da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se solicitou informe á Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios.

A dita Subdirección Xeral remitiu informe segundo o cal non consta a existencia de gastos pagados con tarxetas de crédito realizados por altos cargos da Secretaría Xeral de Medios, nin existen tarxetas de crédito vinculadas a contas bancarias habilitadas na Secretaría Xeral, nin constan datos relativos a tarxetas de crédito da Xunta de Galicia cuxo titular sexa a Secretaría Xeral de Medios no período de tempo comprendido entre o 1.01.2013 e o 5.11.2019.

Polo tanto mediante Resolución do 15 de novembro de 2019, se admite a solicitude si ben non hai nada que informar nin documentación á que se lle poida dar acceso.

Fai constar a secretaria que a solicitude formulada polo reclamante é xenérica, confusa e indeterminada, se ben no seu contido chega a concretar que está a realizar un amplo dossier sobre "las tarjetas de crédito, o cualquier otro tipo de tarjetas utilizadas por altos cargos de confianza y públicos en la xunta de Galicia, siendo la concreta de esta petición sobre las que disponga [REDACTED] en el uso de viajes institucionales o de otro tipo fuera de la Comunidad Autónoma de Galicia", e nesa concreción — referida unicamente á Secretaría Xeral de Medios - e no informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, na que se centra a resolución obxecto de reclamación.

A resolución emitida limítanse a responder a o solicitado polo reclamante no seu escrito de solicitude.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Oficina de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución recorrida é do 15 de novembro de 2019, e a reclamación presentouse con data do 19 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de

información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

A información solicitada polo interesado, refírese á información referente a tarxetas de crédito de altos cargos, directores xerais, convenios, contratos, colaboracións, financiamento que correspondan á Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia ou outros cargos que ocupe.

Ante esta petición, a Secretaría Xeral de Medios recaba o informe da unidade correspondente, no que se constata a inexistencia de tarxetas de crédito da Secretaría Xeral de Medios para pago de gastos de viaxes oficiais, e como consecuencia do anterior, inexistencia de convenios, contratos ou colaboracións neste senso.

O contido da reclamación límitase a facer valoracións sobre os gastos da Xunta de Galicia en viaxes institucionais, sen acreditar a existencia de motivos que fagan que a resolución ditada non sexa conforme a dereito.

Por tanto, ante a inexistencia da información solicitada, isto é información referente a tarxetas de crédito da Secretaría Xeral de Medios, non cabe outra resposta que informar ao solicitante a inexistencia de pagos realizados por tarxetas de crédito asignadas pola Administración á Secretaría Xeral de Medios.

Non procede realizar por esta Comisión pronunciamento algún sobre as valoracións sobre os gastos en viaxes da Xunta de Galicia, dos que si o reclamante considera que se produciron irregularidades, debe denuncialo ante a xurisdición competente.

De acordo co anterior, procede desestimar a reclamación presentada, por canto non se aprecian, nin se acreditan polo reclamante, motivos polos que a dita resolución non sexa axustada a dereito.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] contra a Resolución do 15 de novembro de 2019 da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, pola que se lle concede o acceso á información solicitada

referente a tarxetas de crédito que correspondan á Secretaria Xeral de Medios utilizadas para pagos de viaxes institucionais.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES FERNANDEZ	76706870F MARIA DOLORES
(R: S6500009C)	FERNANDEZ (R: S6500009C)
	Fecha: 2020.01.30 17:19:51
	+01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**